

BANDO

DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OROSO (A CORUÑA) FAGO SABER:

Que o venres 24 de febreiro de 2017 o CEIP Sigüeiro, CEIP do Camiño Inglés e CRA de Oroso van festexar o Entroido cun pasarrúas por Sigüeiro entre as 10:30 e 11 horas e entre as 12:15 e 12:45, aproximadamente.

O CEIP Sigüeiro percorrerá a Avda Grabanxa, Rúa Tambre, Rúa Río Lengüelle, Rúa Cultura, Rúa Camiño Inglés, Rúa Pontevedra e Rúa Pablo Iglesias. Regresando por Rúa Deporte e Avda Grabanxa.

O CEIP do Camiño Inglés fará o pasarrúas pola Avda Álvaro Cunqueiro, Rúa Camiño Inglés e Rúa Pablo Iglesias. Regresando polo Parque do Carboeiro.

Na DP 3801 Sigüeiro-San Mauro (Avda Grabanxa) desviarase o tráfico de vehículos dende o PK 0+000 ata o PK 0+900, entre as 10:30 e as 11:00 horas, e para o regreso entre as 12:15 e 12:45 horas, aproximadamente.

O tráfico de vehículos sentido San Mauro desviaríase pola estrada N-550 (Avda Compostela), Avda Álvaro Cunqueiro, Rúa Tosca e saída a DP-3801; e sentido Santiago-A Coruña desviaríase pola Rúa Tosca, Avda Álvaro Cunqueiro e saída á N-550 (Avda Compostela).

O resto de rúas iranse pechando o tráfico segundo avance o pasarrúas.

Na **RÚA PABLO IGLESIAS** faise necesario dispoñer dos espazos de estacionamento na vía pública polo que o vindeiro **venres 24 de febreiro**:

- Estará prohibido estacionar entre as 08 e as 13 horas en toda a rúa, polo que se solicita que retiren os vehículos
- Pecharase o tráfico non permitindo o paso de vehículos entre as 10:30 e as 13 horas.
- Os veciños da Rúa Pablo Iglesias nº 2, 4 e 6 non poderán saír nin entrar cos vehículos do garaxe entre as 10:30 e as 13 horas.

Agradecemos a súa colaboración para un bo desenrolo dos pasarrúas do Entroido.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Oroso 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Manuel Mirás Franqueira